

ACTA DA REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL “GREEN CAMPUS” FEE

Día: 24/01/18.

Lugar: aula 2.1.

Hora inicio: 12.37.

Orde do día:

1. Informe dos coordinadores.
2. Exposición de áreas temáticas e formación de equipos.
3. Constitución do Comité Ambiental.
4. Rolda aberta de intervencións.

Asistentes:

BARRERO FÁBREGAS, YAGO	BLANCO LOURO, AMALIA
PASTORIZA COSTAS, MARTA	DE LLANO PAZ, FERNANDO
CARREGAL CASTRO, LAURA	GAGO CORTÉS, CARMEN
CASTEDO PERNAS, ALBERTO	GARCÍA ARTHUS, EMILIA L.
DARRIBA LINDIN, HELENA	LADO GONZÁLEZ, EVA
FERNÁNDEZ HADI, NURIA	LAGOA VARELA, DOLORES
QUINTAS PEREIRA, CLAUDIA A. (bolseira OMA)	LONGARELA ARES, ÁNGELES
BALSA SÁNCHEZ, CARLOTA	LOSADA LOPEZ, JOSE MARÍA
PARADA ROBLES, PATRICIO	MONTES SOLLA, PAULINO
PARGA MASSA, M ^a JOSÉ	VARELA CANDAMIO, LAURA
ALLÓ PAZOS, MARÍA	LÓPEZ MARTÍNEZ, IVÁN (coord.)
ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, M ^a AMÉRICA	MOURELLE ESPASANDÍN, ESTEFANÍA (coord.)
BENITO PÉREZ LÓPEZ	

Excusan asistencia:

ALDAO LÓPEZ, CLAUDIA	MIRÁS ARAUJO, JESÚS
GUNDÍN, JAVIER	SALIDO ANDRÉS, NOELIA
RODRÍGUEZ, DANIEL	GARCIA ÁLVAREZ, M ^a TERESA
IGLESIAS ANTELO, SUSANA	FERNÁNDEZ CALVO, ELENA

1. Informe dos coordinadores.

Ao comezo da reunión, o coordinador Iván López agradece a asistencia á mesma, así como a participación no programa “Green Campus”. Resalta o éxito da convocatoria para acadar membros para o comité ambiental. Tamén ao comezo se realiza a entrega a cada asistente dunha carpeta reciclada que contén o documento base “Green Campus”.

Iván López preséntase aos asistentes como coordinador do programa Green Campus, e fai o propio coa co-coordinadora, Estefanía Mourelle, e a bolseira do noso centro para colaborar neste programa, Claudia Quintas. O prof. López explica os antecedentes e razón de ser do

programa Green Campus, que se remonta ao ano 2014. En particular, en 2017 a Facultade de Economía e Empresa (FEE) se adhire ao programa; xa en 2015 se tiña unido á Universidade Saudable/REUS. O noso centro, Ferrol, Riazor e INEF son os últimos en unirse ao proxecto nestes momentos. Igualmente, se comenta que os dous coordinadores e a borseira acudiron en setembro a unha xornada Green Campus onde os centros que xa traballan ou traballaron no proxecto explicaron as súas experiencias.

Comezáronse as etapas que conforman o proceso que en última instancia nos levaría a acadar a Bandeira Verde. A primeira foi a aprobación en Xunta de Facultade de 29 de novembro de 2017 da composición do Comité Ambiental. Despois da formación do comité existirá unha ecoauditoría e un plan de acción. O prof. López fai referencia ás cifras de PDI, PAS, estudantes e axentes externos que actualmente forman parte do comité ambiental (ver anexo I).

2. Exposición de áreas temáticas e formación de equipos.

Amónsanse as dez liñas temáticas, que se atopan no documento base e tamén se proxectan na aula. Explícase como se realizará a formación de grupos: idealmente, unha composición media de dous PDI e tres estudantes, considerándose que como mínimo haxa un PDI e dous estudantes. O prof. López pide aos asistentes que durante uns minutos pensen nas áreas que prefiren (xa se avanzaba no correo electrónico da convocatoria) e falen entre eles para logo ir asignando persoas ás diferentes áreas. Tras varios minutos e por orde, cada quen vai indicando se queren estar na liña 1, na 2, etc. Os exalumnos fan a súa escolla ao final. Determínase que ás persoas que non asisten á reunión nin manifestan preferencia pola área (vía correo-e) se lles asignará aleatoriamente unha delas. No anexo II figura a asignación provisional realizada durante a reunión. Converse en que os coordinadores completarán a asignación nos vindeiros días.

Os seguintes pasos tras a constitución dos grupos será levar a cabo a ecoauditoría, que figura na páxina web da FEE; do documento xeral, cada grupo realizará a relativa á súa área. Logo farase o plan de acción, tamén dispoñible na web. Os prazos para levar a cabo estas accións serán de un mes cada unha delas, a contar dende mediados de febreiro, polo que abril é o mes "obxectivo". Os traballos dentro de cada área realizaranse, previsiblemente, no vindeiro curso académico pois o final de curso adoita ter unha elevada carga de traballo.

A prof. Dolores Lagoa pregunta de que recursos se dispón, ao que se lle contesta que os que proporciona a Oficina de Medio Ambiente (OMA) e que pode facilitar a tarefa investigar que fixo cada centro que xa obtivo a Bandeira Verde.

3. Constitución do Comité Ambiental.

A constitución do Comité Ambiental ten lugar formalmente coa sinatura de cada asistente na folla habilitada ao efecto durante a reunión. Para as persoas que no puideron asistir deixárase a folla de sinaturas en Conserxería durante un tempo prudencial. Avisarase deste feito mediante o envío dun correo electrónico.

4. Rolda aberta de intervencións.

Non hai. Sen máis, remata a reunión ás 13.38.

Asinado: Estefanía Mourelle (actúa como secretaria na reunión)

ANEXO I

1	PARDO GARCÍA, FRANCISCO JOSÉ	Col. externo e exalumno
2	BARRERO FÁBREGAS, YAGO	Exalumno
3	PASTORIZA COSTAS, MARTA	Exalumna
4	ALDAO LÓPEZ, CLAUDIA	Estudiante
5	ALONSO, UXÍA	Estudiante
6	BANEIRA SUÁREZ, ANA	Estudiante
7	BARREIRO FERREIRA, ALEJANDRA	Estudiante
8	CAMPOS PUENTE, LIA	Estudiante
9	CARREGAL CASTRO, LAURA	Estudiante
10	CASTEDO PERNAS, ALBERTO	Estudiante
11	DARRIBA LINDIN, HELENA	Estudiante
12	FERNÁNDEZ HADI, NURIA	Estudiante
13	FOLLENTE VAZQUEZ, IRIA	Estudiante
14	GONZÁLEZ GONZÁLEZ, ANA	Estudiante
15	GUNDÍN, JAVIER	Estudiante
16	MARTÍNEZ PASCUAL, ANDREA	Estudiante
17	MURADÁS TRINCADO, LORENA	Estudiante
18	PARDO, ROCÍO	Estudiante
19	PRIETO BLANCO, EMMA	Estudiante
20	RODRÍGUEZ, DANIEL	Estudiante
21	SANJUAN, LAURA	Estudiante
22	VARELA GÓMEZ, CARLOTA	Estudiante
23	VAZQUEZ AVALOS, MATÍAS	Estudiante
24	VILAR MUÑIZ, JORGE	Estudiante
25	VILLAR, FÁTIMA	Estudiante
26	QUINTAS PEREIRA, CLAUDIA A.	Estud-Bolseira
27	BALSA SÁNCHEZ, CARLOTA	PAS
28	FERNÁNDEZ CALVO, ELENA	PAS
29	PARADA ROBLES, PATRICIO	PAS
30	PARGA MASSA, M ^a JOSÉ	PAS
31	ALLÓ PAZOS, MARÍA	PDI
32	ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, M ^a AMÉRICA	PDI
33	BLANCO LOURO, AMALIA	PDI
34	DE LLANO PAZ, FERNANDO	PDI
35	GAGO CORTÉS, CARMEN	PDI
36	GARCIA ÁLVAREZ, M ^a TERESA	PDI
37	GARCÍA ARTHUS, EMILIA L.	PDI
38	IGLESIAS ANTELO, SUSANA	PDI
39	LADO GONZÁLEZ, EVA	PDI
40	LAGOA VARELA, DOLORES	PDI
41	LONGARELA ARES, ÁNGELES	PDI
42	LOSADA LOPEZ, JOSE MARÍA	PDI
43	MIRÁS ARAUJO, JESÚS	PDI
44	MONTES SOLLA, PAULINO	PDI

45	PÉREZ LÓPEZ, J.BENITO	PDI
46	REGO VEIGA, GUSTAVO	PDI
47	SALIDO ANDRÉS, NOELIA	PDI
48	VARELA CANDAMIO, LAURA	PDI
49	LÓPEZ MARTÍNEZ, IVÁN	PDI-Coord
50	MOURELLE ESPASANDÍN, ESTEFANÍA	PDI-Coord

ANEXO II

		PDI_1	PDI_2	EST_1	EST_2	EST_3	Otros	
Área temática 1	Auga e enerxía	AMALIA	AMÉRICA Y ÁNGELES LONGARELA	Alberto Castedo			Patricio	Fernando de
Área temática 2	Residuos	JESÚS MIRÁS					PATRICIO, Marta Pastoriza	
Área temática 3	Residuos electrónicos	PAULINO					PATRICIO	
Área temática 4	Contaminación						Interés: Carlota Balsa, Chus Parga	
Área temática 5	Mobilidade	BENITO	EVA LADO				CARLOTA	
Área temática 6	Alimentación	CHEMA	DOLORES				CHUS PARGA	
Área temática 7	Biodiversidade							
Área temática 8	Compra verde	MAYTE	LAURA VARELA, CHEMA	Nuria Fernández				
Área temática 9	Voluntariado	EMILIA	LAURA VARELA					
Área temática 10	Ambientalización curricular	F. DE LLANO	MARIA ALLÓ, CARMEN GAGO		Helena Darriba	Claudia Aldao, Carlota Varela, Jorge Vilar		

ANEXO III

ENVÍO DA CONVOCATORIA DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL

* Por correo electrónico (aos corenta e sete membros a día 28/11/17)

De: "Estefanía Mourelle Espasandín" <emourelle@udc.es>

Enviados: Jueves, 18 de Enero 2018 9:48:32

Asunto: Convocatoria constitución Comité Ambiental Green Campus FEE

Estimados membros do Comité Ambiental

Convocámosvos á reunión constitutiva do Comité Ambiental do Green Campus da FEE que terá lugar o vindeiro **mércores 24 de xaneiro de 2018 ás 12.30** na aula 2.1, coa seguinte orde do día:

1. Informe dos coordinadores.
2. Exposición de áreas temáticas e formación de equipos (*).
3. Constitución do Comité Ambiental.
4. Rolda aberta de intervencións.

(*) Para axilizar o punto 2, nas páxinas 14 a 16 do documento base do Green Campus (http://www.economicas.udc.es/subido/GREEN%20CAMPUS/0111_docubase_Green%20Campus.pdf) figuran as dez áreas temáticas a desenvolver dentro do programa. Por favor, valorade as vosas preferencias, dado que cada quen vai ter que colaborar nunha das áreas.

Se alguén non puidese asistir á reunión, recomendamos que nos comunique a/s súa/s área/s temática/s na que lle gustaría participar.

Recibide un cordial saúdo.

Iván López (ivanlm@udc.es)

Estefanía Mourelle (estefania.mourelle@udc.es)

Coordinadores Green Campus FEE

* Igualmente se ha enviado el aviso que figura debajo a la pantalla de la facultad, al tablón Green Campus, a la página web de la FEE y a las diferentes redes sociales.

